

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Extraordinaria do mércores 2 de xaneiro de 2019, aprobou o seguinte ACORDO:

5.- Convenios

5.2.- Convenio de colaboración entre o CEIP Gándara-Sofán e o concello de Carballo para o uso das instalacións deportivas do centro educativo. Aprobación.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CEIP GÁNDARA SOFÁN E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CENTRO EDUCATIVO

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do acordo.

1. presente acordo ten por obxecto a utilización das instalacións deportivas do CEIP Gándara Sofán fóra do horario lectivo. O concello responsabilízase do conxunto de actividades que a entidade local leve a cabo nas instalacións do centro docente, sempre fóra do horario lectivo.
2. As instalacións a utilizar son as seguintes:
 - a. Campo de fútbol
 - b. Pavillón deportivo.
 - c. Vestiarios.
3. Os horarios de utilización por parte do concello son os que seguen a continuación:
 - Luns a Venres 18:00 – 21:00
 - Sábado 9:00 – 14:00 / 16:00 – 20:00
 - Domingo de 9:00 – 14:00
4. Calquera cambio que implique a modificación destes horarios debe ser comunicada á dirección do centro e autorizada por ela, tras aprobación por parte da Xefatura Territorial de Educación. A autorización para a utilización das instalacións obxecto deste convenio fóra dos horarios acordados neste plan de uso será responsabilidade a todos os efectos do centro educativo.

Segundo. Obrigas do concello

1. Comunicar por escrito ao centro do plan de uso da instalación.
2. Comunicar por escrito ao centro calquera modificación dos horarios do plan de uso.
3. Establecer un plan de uso da instalación no cal se respectarán aqueles acordos que o centro educativo teña con outras entidades, tendo sempre preferencia o uso por parte do centro educativo.
4. Informar á dirección do centro, no mesmo día ou na primeira hora do día seguinte, de calquera incidencia ou deterioro, que suceda nas instalacións dentro do horario de uso que corresponde ao concello, así como asumir os custos de reparación ou reposición a que dera lugar e as responsabilidades que con leve.
5. Controlar que as instalacións queden en condicións de limpeza axeitadas para ser utilizadas polo centro, a primeira hora do día seguinte incluídos os vestiarios.
6. Prohíbese a entrada no centro educativo e a utilización de calquer tipo de material deportivo nas instalacións conveniadas.
7. Esixir ás entidades as que conceda a utilización das instalacións, que nomee a unha persoa responsable na instalación mentres haxa deportistas na mesma, que deberá revisar ao remate das sesións o estado das dependencias utilizadas.
8. Repoñer todo aquel material que sufra deterioro polo mal uso.
9. Informar para que o acceso as instalacións se realice polo espazo que determine a dirección do centro educativo.
10. Esixir a achega por parte das entidades que utilicen a instalación, dunha póliza de seguros de responsabilidade civil con cobertura suficiente para o conxunto de actividades que se lle autoricen. En caso de que sexa competición deportiva a entidade deberá de ter un seguro de accidente deportivo de cada un dos participantes.
11. Adaptar o seu horario de uso ao posible uso por parte do Centro educativo da instalación por motivos de índole extraordinario e tendo informe do Consello Escolar.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



12. Asumir os gastos correntes (auga, luz, etc.) derivados da utilización das instalacións deportivas do centro durante o plan de uso acordado.

Terceiro. Obrigas do CEIP Gándara Sofán.

O CEIP Gándara Sofán asumirá as seguintes obrigas en virtude deste acordo:

1. Autorizar a colaboración co concello se a súa petición se axusta ás condicións establecidas neste acordo e non exista circunstancias de excepción.
2. Facilitar o desenvolvemento das actividades autorizadas, sempre que se axusten aos termos acordados.
3. Aprobar o plan de uso establecido para cada tempada. O plan de uso que se establecerá sempre antes do inicio do curso escolar e que terá unha duración do curso escolar, sendo éste previamente aprobado en Consello escolar e informada a Inspección Educativa.

Cuarto. Reservas

1. A dirección do centro reservase o dereito de preferencia sobre o uso das instalacións que son obxecto deste acordo. Este dereito concrétese na potestade da dirección do centro para denegar as actividades que propoña o concello cando coincidan ou poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividades escolares ou extraescolares.
2. O concello deberá respectar no seu plan de uso aqueles acordos de utilización que teña o centro educativo con outras entidades.
3. O concello, poderá modificar o plan de uso de maneira puntual, sempre con previo aviso de 3 días, sempre que non interrompa o horario lectivo, actividades complementarias e extraescolares ou calquera actividade puntual do centro educativo, e co visto bo da dirección do centro.

Quinto. Supervisión e seguimento

Para o correcto desenvolvemento deste acordo de colaboración establécese unha comisión mixta de seguimento, interpretación e avaliación das accións que deste derivan integrada polas mesmas persoas.

No caso de que calquera unha das partes desexe cambiar a persoa responsable da supervisión e/ou a integrante da devandita comisión, deberán comunicarllo á outra.

Sexto. Vixencia, Suspensión, Modificación, denuncia e resolución do acordo

Este acordo ten unha vixencia polo curso escolar (de 1 de setembro a 31 de agosto), sempre que non medie denuncia por ningunha das partes.

A vixencia deste acordo enténdese automaticamente suspendida de forma temporal, no caso de que circunstancias excepcionais de forza maior (tales como catástrofes, emerxencias, sinistros e outros de relevancia social análoga) mentres fagan necesario o uso das instalacións obxecto desta colaboración ou sexan requiridos para o seu uso pola Administración educativa ou outra Administración.

As partes poderán denunciar ou modificar o acordo en calquera momento, por mutuo acordo.

Son causas de resolución do acordo de colaboración:

1. Incumprimento reiterado das partes das obrigas recollidas no presente acordo.
2. O remate da vixencia do presente acordo sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
3. Outras que se determinen en datas posteriores á sinatura do acordo.

Sétimo. Protección de datos de carácter persoal

O Concello de Carballo e o CEIP Gándara Sofán están obrigados ao cumprimento do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, e lexislación concordante.

O/a responsable da entidade local, en representación desta, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, ante o/a responsable do ficheiro, no seguinte enderezo: Praza do Concello, CP.: 15100 Carballo, na provincia de A Coruña”